CENTRO DE
FORMACIÓN E
RECURSOS DE VIGO

# Encontros para persoas coordinadoras de formación

## Plan de Formación Permanente do Profesorado

Curso 2023/2024

BY NC SA
Ano 2023

# Modalidades de formación PFPP

- Estrutura
- Documentación inicial
- Xestión económica
- Xestión diaria

# Modalidades de formación

# FORMACIÓN

## Individual
Actividades de formación individual

**Presencial**
- Encontros
- Xornadas
- Cursos…

**En liña**
PLATEGA

## Colectiva

Persoal docente do mesmo centro educativo
**PFPP**
**Presencial**

Persoal docente de varios centros educativos
**GT/SEM**
**Presencial**

# PFPP

## Plan de formación permanente do profesorado

# PFPP

- O centro educativo é o escenario idóneo para a formación do profesorado, xa que posibilita que se adapte ás necesidades do centro.

- O PFPP ten como finalidade a actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais docentes definidas no novo modelo de competencias, para a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares do alumnado, en consonancia coas iniciativas impulsadas en relación co sistema educativo de Galicia.

- A formación debe ter unha repercusión directa na aula ou no centro.

## Plan de formación permanente do profesorado

# PFPP

- A formación en centros baséase no traballo colaborativo entre iguais a partir da reflexión conxunta, o debate interno, o intercambio de experiencias e supón o recoñecemento da experiencia docente como un valor fundamental nos procesos de formación e mellora.

- Pode contar con algunha colaboración externa pero o núcleo ten que ser a formación entre iguais.

Plan de formación permanente do profesorado

# Equipo de formación

- Debe exisitir unha persoa coordinadora do PFPP, que será a canle de comunicación coa persoa asesora. Pode ser un membro do equipo directivo ou alguén en quen delegue.

- En cada itinerario desígnase unha persoa coordinadora.

- Unha mesma persoa pode coordinar varios itinerarios.

- Se nun itinerario hai máis de unha actividade, poderán haber diferentes coordinadores nas actividades.

- Os membros do equipo de formación que participen nalgunha actividade, certificarán 20 horas de innovación.



# Estrutura

# Estrutura do PFPP

Plan anual 2023/2024




XUNTA DE GALICIA

**RESOLUCIÓN do 26 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2023/24**

A mellora da calidade da educación constitúe unha meta irrenunciable dos sistemas educativos e un dos seus piares básicos, entroncado coa salvagarda dun ensino que garanta a igualdade de oportunidades e a capacitación do alumnado coas competencias e o coñecemento necesarios para o seu pleno desenvolvemento na sociedade actual.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica, 3/2020, do 29 de decembro destaca entre os factores que favorecen a calidade do ensino, e aos que se lles prestará unha atención prioritaria, a cualificación e formación do profesorado, a investigación, a experimentación e a renovación educativa. No artigo 102 recoñece a formación do profesorado como un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros. A mesma lei, recolle no seu artigo 120.4 que os centros, no exercicio da autonomía, poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo para a mellora da calidade do ensino.

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante, a consellería) aposta polo reforzo das competencias dixitais como un aspecto fundamental para afrontar con éxito a transformación dixital e a formación docente para a adquisición de competencias dixitais educativas.

Esta convocatoria dará resposta e formalizará mediante accións formativas os diferentes plans e estratexias deseñados pola consellería: Estratexia de Educación Dixital 2030, Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras (Eudlingüe 2030), Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, e Plan Lía 21-25 de Bibliotecas Escolares, así como as liñas estratéxicas en materia de inclusión, convivencia e coeducación, a Estratexia galega de convivencia escolar, Educonvives 2025 e a implantación e desenvolvemento dos novos currículos.

Como consecuencia disto, resulta de interese prioritario que os centros, no uso da súa autonomía, deseñen plans de formación propios, en función das necesidades que detecten e que para o seu desenvolvemento reciban o apoio da consellería a través das estruturas de formación permanente do profesorado.

Neste contexto, cómpre salientar que o centro educativo constitúe a unidade básica e célula do sistema para o impulso dunha formación permanente que recolle tanto as demandas individuais do profesorado como as necesidades formativas dos centros e do propio sistema. A finalidade última é mellorar as competencias profesionais do profesorado, necesarias para responder aos retos educativos actuais, impulsando a súa aplicación e desenvolvemento na aula e buscando a excelencia educativa e a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares do alumnado. Os centros educativos son os escenarios idóneos para a formación, xa que posibilitan que esta se adapte mellor ás necesidades da contorna e favorecen unha maior implicación e participación do profesorado, o fortalecemento do traballo en equipo e unha maior integración nos seus proxectos educativos e curriculares. Ademais, a formación considérase como un proceso que precisa itinerarios formativos planificados e secuenciados que estruturen e articulen no tempo, cunha visión máis ampla, varias accións formativas das diversas modalidades.

Para acompañalos neste proceso de cambio, os centros contan cunha rede de formación permanente do profesorado especializada que axuda e apoia, baixo o principio de colaboración e traballo en equipo, ao profesorado na consecución destes fins, achegando a formación ao lugar de traballo. Esta rede atópase regulada mediante o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia

1

CVE: O9Enq93FFUx1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Resolución do 26 de xuño de 2023

PFPP

# PFPP

**Liñas**

- DIDÁCTICA
- DIXITAL
- INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN
- CONVIVENCIA E INCLUSIÓN
- COMUNICACIÓN E PLURILINGÜISMO




Un itinerario formativo é unha relación secuenciada e gradual de actividades ligada ás competencias profesionais docentes



PFPP
Liñas
Itinerarios
Actividades
DIDÁCTICA
DIXITAL
INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN
CONVIVENCIA E INCLUSIÓN
COMUNICACIÓN E PLURILINGÜISMO

## Estrutura

EXEMPLO




**2 Liñas**

**3 Itinerarios**

**4 Actividades GT e SEM**

## Equipo de coordinación

EXEMPLO



# TIPOS DE ACTIVIDADES

## GT
## Grupo de Traballo
De 3 a 10 persoas

**Sesións de docencia**
Ata un 20%

**Sesións de traballo individual**
Ata un 30%

**Sesións de traballo en equipo**
Mínimo o 50%

## SEM
## Seminario
De 8 persoas en adiante

**Sesións de traballo individual**
Ata un 20%

**Sesións de docencia**
Ata un 30%

**Sesións de traballo en equipo**
Mínimo o 50%

## Estrutura do PFPP

# Conclusións

- Adaptación ás necesidades do centro, de aí a importancia da detección de necesidades.
- Parte da experiencia docente e da colaboración entre iguais.
- Aplicación para a mellora do centro. Presentación de evidencias.

| Que é un PFPP? | Que non é un PFPP? |
|---|---|
| Enfocado no centro | Enfocado no docente |
| Traballo de equipo | Traballo individual |
| Impacto na práctica docente | Impacto no docente |
| Usos didácticos | Redactar documentos |
| Espírito autoformación | Conferencias personalizadas |

# Documentación inicial

# Documentación inicial

# Anexo I

Serve para solicitar a incorporación do centro ao programa.

- Solicita a persoa directora do centro
- Ten vixencia para 2, 3 ou 4 anos segundo a elección do centro


XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO I

PROCEDEMENTO
PLANS DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO EN CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO: ED535A
DOCUMENTO: SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE
RAZÓN SOCIAL
TIPO DE VÍA | NOME DE VÍA | NIF
CP | PROVINCIA | CONCELLO | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA
TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO | LOCALIDADE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)
NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)
TIPO DE VÍA | NOME DE VÍA
CP | PROVINCIA | CONCELLO | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA
TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO | LOCALIDADE

DATOS DOS OUTROS CENTROS SOLICITANTES (se é o caso)
Nome | Código

PLAN DE FORMACIÓN DO CENTRO
Itinerario I — LIÑAS: ○A ○B ○C ●D ○E ○F ○G ○H ○I
Itinerario II — LIÑAS: ○A ●B ○C ○D ○E ○F ○G ○H ○I
CURSOS 2 MÍN. - 4 MÁX.: ○2 ○3 ●4
Nº PROFESORES DO CENTRO EDUCATIVO
Nº TOTAL DE PROFESORES QUE PARTICIPAN NALGÚN DOS ITINERARIOS (contabilizar só unha vez):

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
■ Informe de detección de necesidades formativas (FPROFE)
■ Plan de formación (FPROFE)
■ Certificación da información ao claustro e ao consello escolar (FPROFE)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxeifp@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 7 de abril de 2015, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2015/16 (código do procedemento ED535A).

# Documentación inicial

# Anexo III

Documento que deixa constancia de que se informa ao claustro e ao consello escolar da participación no PFPP.

- Datas da celebración da reunión



XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO III

CERTIFICADO DE INFORMACIÓN EN CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR

| | CENTRO |
|---|---|
| DIRECTOR | |
| CENTRO | |
| PROVINCIA | |

CERTIFICA:

Que na sesión do Claustro de Profesores deste centro, realizada o día de de e na sesión do consello escolar do día de de se informa da presentación da solicitude de participación na convocatoria de plans de formación permanente do profesorado que se implantará en centros educativos públicos no curso da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, así como a asunción dos compromisos necesarios para o seu desenvolvemento.

Sinatura do/a Director/a do centro

## Documentación inicial

# Deseño do PFPP

As persoas coordinadoras do PFPP deben deseñar en FProfe o PFPP, en colaboración coa persoa asesora do centro.

- Detección de necesidades
- Obxectivos
- Liñas de traballo
- Itinerarios
- Actividades
- Participantes
- Indicadores de avaliación



## Documentación inicial

# Anexo II

Unha vez deseñado o proxecto, xerarase o Anexo II.

- Todas as persoas participantes deben asinar nas actividades nas que participan.
- As persoas que nese momento estivesen de baixa, poderanse inscribir unha vez que se incorporen ao centro. Deberán asinar un documento proporcionado pola persoa asesora.
- As persoas substitutas ue cheguen a un centro tamén poden inscribirse deste xeito.
- O prazo límite de inscrición para estes casos é o 31/01/2024.



XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO II

1. MEMBROS DO EQUIPO DE FORMACIÓN

| Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

2. LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS

- Competencia didáctica
- Competencia en educación inclusiva e coeducación

3. OBXECTIVOS XERAIS

- Mellorar a convivencia no centro, a través da posta en marcha da aula de convivencia, e revisar e actualizar os documentos relacionados con ese ámbito.
- Mellorar os recursos tecnolóxicos do centro e a formación no seu manexo.

4. RELACIÓN TOTAL DE PARTICIPANTES NO PLAN

| | Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura |
|---|---|---|---|---|
| 1 | | | | |
| 2 | | | | |
| 3 | | | | |
| 4 | | | | |
| 5 | | | | |
| 6 | | | | |
| 7 | | | | |
| 8 | | | | |
| 9 | | | | |
| 10 | | | | |
| 11 | | | | |
| 12 | | | | |
| 13 | | | | |
| 14 | | | | |
| 15 | | | | |

5. ITINERARIOS

Itinerario 1: A convivencia

## Documentación inicial

# Presentación

- Os Anexos I, II e III deberanse presentar no prazo establecido para cada un deles que varía cada ano.
- Estes enviaranse á persoa asesora a través do correo electrónico.



# Xestión económica

## Xesión económica

# Instrucións

- O CFR abonará directamente o importe das facturas aos provedores. Os centros non deben abonar nada.
- Lembrade aos provedores que os pagos se librarán a finais de decembro.
- Os provedores deberán entregar as facturas no VOSO CENTRO. A persoa coordinadora enviará por correo electrónico a/s factura/s á persoa asesora.
- Se a factura é manuscrita, as persoas coordinadoras deberán remitila por correo postal (enviando tamén unha copia escaneada, á vosa persoa asesora)



XUNTA DE GALICIA | CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE VIGO

MODELO PARA FACTURACIÓN (PFPP)

DATOS DA EMPRESA
Domicilio fiscal completo
CIF: X12345672

CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE VIGO (CFR de VIGO)
Q8655598D
Rúa Rocío Nº72
36208 Vigo
(Verificar o domicilio actual, xa que cambiou)

DATOS FACTURA
- Número de factura
- Data: Entre o 14 e o 30 de novembro de 2023
- Código do PFPP: V2331 PFPP 2023/2024 36

Exemplo:

| Concepto | Prezo unitario | Cantidade | Total (sen IVE) |
| --- | --- | --- | --- |
| Paquete papel A4 | 3,31 | 1 | 3,31 |
| | | IVE (21%) | 0,69 |
| | | TOTAL: | 4 € |

DATOS BANCARIOS
IBAN COMPLETO: ES21 0000 1111 22 3333 4444

* O IMPORTE TOTAL DA FACTURA (IVE INCLUÍDO) NON PODE SOBREPASAR A CANTIDADE ASIGNADA POLO CFR DE VIGO

## Xesión económica

# COMPRAS AUTORIZADAS

- Material bibliográfico de referencia (non para biblioteca)
- Material funxible de papelaría
- Pezas soltas e recambios
- Componentes dixitais non inventariables: memorias, tarxetas, ratos, teclados, etc.

Xesión económica

# COMPRAS NON AUTORIZADAS

- Licenzas e programas (software)
- Equipamento informático inventariable (PC completo, portátil…)
- Mobiliario
- Recibos de servizos: reprografía, luz, etc



# MODELO DE FACTURACIÓN

**DATOS DA EMPRESA**
Domicilio fiscal completo
CIF: X1234567Z

**CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE VIGO (CFR de VIGO)**
Q8655598D
Rúa Rocío Nº72
36208 Vigo
(Verificar o domicilio actual, xa que cambiou)

# MODELO DE FACTURACIÓN

DATOS FACTURA

- **Número de factura**
- **Data:** Entre o 14 e o 30 de novembro de 2023
- **Código do PFPP:** V2331 PFPP 2023/2024 36

# MODELO DE FACTURACIÓN

Exemplo:

| Concepto | Prezo unitario | Cantidade | Total (sen IVE) |
|---|---|---|---|
| Paquete papel A4 | 3,31 | 1 | 3,31 |
| | | IVE (21%) | 0,69 |
| | | TOTAL: | 4 € |

**DATOS BANCARIOS**

IBAN COMPLETO: ES21 0000 1111 22 3333 4444

O IMPORTE TOTAL DA FACTURA (IVE INCLUIDO)
NON PODE SOBREPASAR ACANTIDADE ASIGNADA POLO CFR DE VIGO

# Xestión diaria

## Xestión

# Proposta de plan de traballo

Exemplo para un grupo de traballo (GT) de 20h

| Sesión INICIAL Traballo en grupo | Docencia | Traballo individual | Traballo en grupo | Docencia | Traballo individual | Traballo en grupo | Sesión FINAL Traballo en grupo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2h | 2h | 3h | 3h | 2h | 3h | 3h | 2h |

1º trimestre → 3º trimestre

## Xestión

# Creación das sesións

# Folla de sinaturas

# Faltas

📅 Do 20 de outubro ao 31 de maio


XUNTA DE GALICIA | CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE VIGO

GUÍA PARA CREAR ACTAS, CUBRIR FALTAS E CREAR FOLLAS DE SINATURAS NAS ACTIVIDADES DO PFPP

- **COMO ENTRAR NA ACTIVIDADE**

1. Coa nosa conta de usuario de edu.xunta.gal, entramos en FPROFE e a continuación en: Xestión actividades – Xestión.

Xestión actividades
Xestión

2. Escribimos o código da ACTIVIDADE GT/SEM: V230...... e prememos en Comprobar. Xa podemos traballar no noso GT/SEM.

Nº de actividade
V220...
Comprobar
Buscar

3. Imos á pestana de Xestión diaria:

Inicio
Xestión diaria

- **CREACIÓN DE ACTAS**

1. Estamos na pestana de Calendario.

Calendario
Faltas

2. No apartado de Nova xornada, imos crear unha sesión. Primeiro escollemos a data e engadimos hora de comezo e hora de fin.

* ATENCIÓN: as sesións deben ser de polo menos 2 horas e como máximo de 4 horas.
**Non se poden facer reunións en horario lectivo nin en horas de obrigatoriedade presencial no centro (por exemplo os martes de tarde nos centros de primaria).

# EXEMPLO PRÁCTICO

Xestión

# Aspectos a ter en conta

## Sesións

- A duración de cada sesión terá un mínimo de 2h e un máximo de 4h.
- Non se poden desenvolver dentro do horario lectivo docente (clases, reunións, gardas, atención a familias...)
- Os centros con 3 ou máis actividades e asisentes ou participantes coincidentes, deberán presentar á persoa asesora, un cronograma para evitar solapamento de sesións.
- As sesións poderán desenvolverse a partir do 20/10/2023 e ata o 31/05/2024

## Xestión

# Aspectos a ter en conta

**As persoas coordinadoras...**

- Deben convocar e coordinar as reunións.
- Deben xerar a folla de sinaturas antes de cada reunión.
- Deberán dar a asinar ás persoas participantes a folla de sinaturas ao remate de cada reunión.
- Son responsables da custodia das follas de sinaturas de todas as reunións que se celebren ao longo curso.

# Aspectos a ter en conta

## Participantes

- As persoas que estean de baixa non poden asistir ás sesións e polo tanto, non poden asinar a folla de sinaturas.

- Certos permisos, como maternidade ou paternidade, son compatibles coa asistencia ás sesións previa consulta á persoa asesora de referencia no CFR.

- Ata o 31/01/2024 pódense incorporar novos participantes:
  - Persoal substituto
  - Persoal que estivera de baixa

Presentarán documento de alta na actividade proporcionado polo persoal asesor.

## Xestión

# Aspectos a ter en conta

### Persoas relatoras

- A persoa asesora do CFR contactará coa persoa relatora máis apropiada para desenvolver a sesión.
- A persoa coordinadora poderá suxerir persoa do seu interese.
- En ningún caso pode existir contacto previo entre a persoa coordinadora e o relator sen coñecemento da persoa asesora.
- Para as persoas relatoras internas (aquelas que pertencen ao claustro do centro) o procedemento é idéntico.

Todos os contidos tratados están á vosa disposición
na **Aula virtual do CFR de Vigo**

Curso 2023/24

Cursos do Plan Anual de Formación 2023/24

V2303003 - Encontros de persoas coordinadoras de formación en centros

**Contrasinal:** V2303003ENCONTROS

# Moitas grazas!

+ INFO:

CENTRO DE
FORMACIÓN E
RECURSOS DE VIGO

# Encontros para persoas coordinadoras de formación

## Plan de Formación Permanente do Profesorado

Curso 2023/2024

BY NC SA

Ano 2023